



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 29.05.2015.

Visto o expediente en trámite para a contratación do servizo denominado “**ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2015**”, ascendendo o prezo do servizo á contía de 8.000 euros (7200 euros máis 800 euros de IVE).

Vista a resolución desta Alcaldía de data 06.05.2015, na que se aproba o prego de cláusulas que elixe como sistema de selección do contratista, ó procedemento negociado sen publicidade e coa tramitación ordinaria, optando pola celebración de mesa de contratación coa seguinte composición:

“13.Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

Un representante de cada un dos grupos municipais con representación no Concello.

A Interventora de Fondos do Concello.

O Secretario do Concello.

A informadora xuvenil do Concello.

Secretario: Un funcionario adscrito ao Departamento de Secretaría.”

Rematando o prazo de presentación de ofertas o día 23 de maio de 2015, e visto o previsto na cláusula 13 do prego, e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, esta Alcaldía **RESOLVE**:

PRIMEIRO: Convocar Mesa de Contratación encargada da valoración da PROPOSICIÓN DE CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR das ofertas presentadas polo licitadores coa seguinte composición:

Presidente: D. Jorge Cubela López (Alcalde)

Vogais: - D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (Secretario da Corporación).

- D^a Sonia David Cortegoso (Interventora da Corporación).

- D. Ismael Bouzas Veiga (concelleiro do PSdG- PSOE).

-D^a Mónica González García (informadora Xuvenil do Concello de Cotobade)

Secretario: D^a Jeanett López Fernández (funcionaria da Corporación)

SEGUNDO: A Mesa celebrará a súa sesión o vindeiro **martes 02 de xuño de 2015, a partir das 10.00 horas** no salón de sesións da Casa Consistorial.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

TERCEIRO: Dar traslado da presente ós membros da Mesa de Contratación, aos licitadores presentados e publicar no Perfil do Contratante.

CUARTO: Dar conta ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde en Cotobade, a 29 de maio de 2015. Ante min o Secretario.
Dou fe.

O Alcalde en funcións

O secretario

Asdo. Jorge Cubela López

Asdo. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

